

Nietzsche. Crítica da Filosofía Occidental. Crítica da metafísica platónica.

Nietzsche considera que a filosofía occidental quedou corrompida a partir do momento en que Sócrates e Platón entran en escena. Da súa feroz crítica do pensamento filosófico occidental tan só se salva a filosofía presocrática (nomeadamente Heráclito de Éfeso, por concibir a realidade como un constante fluxo, *panta rei*, todo flúe e nada permanece). Nietzsche considera que Sócrates fixo triunfar a razón contra os instintos e Platón creou outro mundo distinto deste mundo terreal. Ámbolos dous son, en opinión de Nietzsche, responsables da *tiranía da razón* negadora da vida. Toda *verdade* filosófica revela no fondo un temor ou un desexo inconfesado. Que agochan Sócrates e Platón? Un temor ao pulsional, ao instintivo, ás paixóns. Sócrates e Platón son *tipos decadentes*, a súa decadencia maniféstase nun mal disimulado odio á vida e ao mundo.

Este desprezo da vida, do mundo e do corpo faise notoriamente palpable no platonismo. A metafísica platónica representa unha visión completamente falseada da realidade sobre a base da contraposición entre o *mundo verdadeiro* (real, intelixible, único, inmutable e accesible só á razón) e o mundo *aparente* (plural, diverso, sensible e suxeito a cambio, *o devir*). Nietzsche denuncia esta mixtificación da realidade declarando que o mundo *aparente* é o único real e que o mundo *verdadeiro* dos filósofos é unha mentira. A mentira que introduce a razón na filosofía, pois é a racionalidade dos filósofos a que introduce as mentiras (da inmovilidade, da unicidade: o real, o ser, as Ideas son inmóbiles, eternas e únicas) deformando deste xeito a visión do mundo.

Precisamente, ao fío deste dualismo ontolóxico fábricase unha visión igualmente errónea do coñecemento que presenta aos sentidos como falsificadores, ocultadores ou manipuladores da realidade. Pero os sentidos non minten, asegura Nietzsche; mostrando o devir, o cambio, a corrupción e a morte, a pluralidade e a diversidade, a corporeidade, a materialidade, os fenómenos (na etimoloxía grega, as aparencias, o que aparece ante nós), os sentidos dan conta de cómo é o mundo.

En resume: o que se oculta detrás dos grandilocuentes discursos filosóficos da metafísica platónica é unha hostilidade, un receo, contra a vida, o mundo e o corpo. Non só Platón, senón tamén Sócrates, son responsables de introducir en Occidente uns valores anti-vida: un xuízo valorativo sobre a vida de tipo negativo. A fin de contas, trátase dunha filosofía que enmascara un desprezo desta vida e deste mundo so pretexto da existencia doutra vida mellor que esta en outro mundo superior a este. Estes son os valores ocultos e inconfesados que tanto Sócrates como Platón tratan de ocultar. Pero Nietzsche tratará de desenmascarar este resentimento contra a vida presente nunha metafísica platónica que despreza o mundo sensible e sobreestima o mundo intelixible, que desvaloriza a sensibilidade e prima a racionalidade ao prezo de desprezar o corpo no que teñen asentado os órganos dos sentidos.